

TEATRO

AUDITORIO MUNICIPAL DE ROIS (aforo limitado)




RUNNING De Ste Xeito Producións

Sábado 10 de outubro ás 20.00

Xulia e Román acaban de coñecerse e o primeiro WhatsApp non tarda en chegar: “Quedamos? Veña si! Pero cando?”

Fillas e fillos de parellas anteriores. Nais divorciadas. Avós na residencia. Adolescentes co pavo. O pequeno coa crise dos 8. Os grandes coa dos 40, coa dos 50, coa dos 60. Clases de ioga para liberar a tensión, patinaxe artística os luns, danza-jazz os martes. E ser taxista. Das fillas, dos fillos, das fillas dos demais, do pai, da nai, da avoa, dos primos. E os deberes. Os deberes da escola e o resto de deberes. Deberes e obrigas. Coidar de todo e de todos menos dun mesmo.

En escena, unha actriz e un actor que terán que suar a camiseta para meterse na pel de todas as personaxes desta vertixinosa comedia.



OS FABULOSOS CLEANERS Malasombra Teatro

Venres 11 de decembro ás 20.00

Espectáculo de pompas de xabón para todos os públicos. Unha experiencia visual para participar toda a familia.

Dous operarios da limpeza do teatro descubren por casualidade as posibilidades que lles ofrecen as súas ferramentas de traballo combinadas con auga e xabón. A partir de aí, os personaxes emprenderán unha excitante viaxe conducidos polas fantásticas pompas e burbullas: transparentes, con fume, con vapor, pequenas, grandes, estáticas ou voando polo escenario. O espectador camiñará da man destes personaxes por un mundo máxico, cheo de cor e de moito, moito humor, e verase sorprendido dentro dun patio de butacas repleto de miles de pompas de xabón.



A PEREGRINAXE Teatro Badius

Sábado 12 de decembro ás 20.00

Por orde de Deus, un humilde pastor ten que partir cara á terra de Godah. Emrende entón unha longa peregrinaxe na que se vai a enfrontar a banqueiros e gladiadores, coñecerá ao César e a Cleopatra, discutirá con inflexibles gardas, para rematar na última cea de Xesús.

PARA INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS EDIFICIO MULTIÚSOS DE ROIS: 981 81 60 61

Luns, mércores e venres de 10.00 a 13.00. Tardes: luns de 17.30 a 20.00 e de martes a venres de 16.00 a 20.00

A posta en marcha das actividades está supeditada ao protocolo e á evolución da crise sanitaria da COVID-19. Este programa é susceptible a cambios. O Concello resérvase o dereito de suspender actividades. A reserva de prazas realizarase por rigorosa orde de inscrición.